

# Gagarín era un cosmonauta



VICENTE ARAGUAS

**N**ítrese Agustín Fernández Paz do realismo puro e duro, o que moito nos presta (a mín ao menos) aos que seguimos, logo de ter transitado outros vieiros, nesa liña. Tamén porque sendo, como somos, cáseque da mesma rolada partillamos vivencias e situacións, o que produce –téño comentado noutras ocasións– ese confort ou sosego de estar diante do recoñecible. Cal moitas das cousas, practicamente todas (agás na de pertencer, cal o protagonista da novela, a unha familia de militantes comunistas, moi sisadamente, para o que se traen entre mans, impresores e libeiros), as que se deixan ver na última entrega de Fernández Paz, *A viaxe de Gagarin* (Edicións Xerais, Vigo, 2014). Onde (re) aprendemos que os americanos eran astronautas e os soviéticos, cosmonautas.

Matiz chamativo naquela carreira espacial que nos tiña fascinados como correlato da guerra fría (ou fríame) que se traían entre os dous imperios. Así que ao cativo da historia, seareiro apaixonado da “conquista do respazo”, chamánlle “Gagarín”. Hipocorístico que provoca a

carraxe do seu profesor de “Formación del Espíritu Nacional” (vulgo, “Política”). Tipo infame, como os membros da BPS que na novela se deixan ver, ou (ben na sombra) o xuíz de “Servizos Especiais”, pai da rapaza coa que “Gagarin” namora, nun amoríoño primeiro deses que, para non desmentir a canción popular, son moi malos de esquecer. A profesión do pai fai que o amor dos rapaces presente moitos atrancos, o que favorece o carácter un chisco folletinesco da historia, dito sexa isto nada pexorativamente.

E é que o terreo no que se move Fernández Paz, entre a materia xuvenil e a de adultos, ten un aquel de narrativa de quiosque que sen dúbida favorece a importante difusión dos seus libros. Da xenio ver o número de edicións destes tal como Xerais declara paladinamente nas lapelas destes. A isto axuda, xaora, esa confortabilidade que se desprende das novelas de Agustín. Nas que a literatura, Bradbury, Cortázar, Neruda, a música “pop” e “folk”, por este libro rulan (e aínda rolan) The Byrds e Bob Dylan, The Beatles e The Mamas & The Papas e, por suposto, o cinema (do que Fernández Paz semella grandísimo namorado como tantos da

“O libro, de tan doada como obrigada lectura, dáse un aire con ‘El viento de la luna’, de Muñoz Molina”.

súa xeración), con citas e contracitas, a máis sabedora a de Psicose, estreada nos anos nos que se desenvolve o cerne desta historia, anos sesenta. Logo a novela, pero isto xa é para ir pechando as xanelas que ficaran abertas, fará un “forward”, que tampouco é que engada nada interesante ao conto, mais que non desvelarei para non semellar un “spoiler”.

Este libro, de tan doada como obrigada lectura (para quen desexe desfrutar dunha boa prosa e maneiras conceptuais axeitadas) dáse un aire con *El viento de la luna*, de Antonio Muñoz Molina, mais o aquel salvaxe da novela do de Úbeda ten un correlato “soft” no vilalbé. Outro xeito, pois, de baixar o ceo á terra (moi boa a escena de praia entre Francesca e Miguel, mentres Aldrin e Armstrong bulen na lúa, por exemplo).



**A VIAXE DE GAGARIN**  
AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Edicións Xerais, Vigo, abril, 2014/ 18 euros.